

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE A CONTRATACIÓN BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO TÉCNICAS, DE CINCO TITULADOS/AS SUPERIORES UNIVERSITARIOS (TÉCNICOS/AS I), NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA (AGACAL) E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO TITULADO CARACTERIZACIÓN, RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E TRANSFERENCIA DA BIODIVERSIDADE XENÉTICA VEXETAL DE INTERESE AGRARIO DE GALICIA.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería do Medio Rural, creada mediante o Decreto 52/2018, do 5 de abril, co obxecto de constituírse no instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade; investigar e realizar o desenvolvemento tecnolóxico no sector agroalimentario; desenvolver as actividades de I+D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro do marco das competencias que a esta axencia lle atribúen estes estatutos; así como realizar aquelas outras actuacións relacionadas coas actividades anteriores que determine a consellería de adscrición cos medios e persoal que a ela se adscriben.

No citado decreto apróbanse os estatutos da Agacal e establécese que corresponde ao Consello Reitor (artigo 15.h) autorizar contratos laborais de duración determinada ou delegar esta función, sen menoscabo dos informes preceptivos favorables dos centros directivos competentes en materia orzamentaria e de función pública que establece a lexislación vixente, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria encádrase dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Segundo o artigo 75 da Lei 16/2010, o persoal das axencias públicas autonómicas estará constituído por persoal funcionario, estatutario e/ou laboral da Xunta de Galicia e, no seu caso, por persoal laboral propio que se rexerá pola antedita Lei 16/2010, o Estatuto dos Traballadores e polo resto da normativa laboral.

[Axencia Galega da Calidade Alimentaria](https://www.agacal.gal/)

[Avda. do Camiño Francés, 10 – Baixo, 15781 Santiago de Compostela](https://www.agacal.gal/)

Tel. 881 997 276; agacal@xunta.gal





Os estatutos da propia axencia establecen no seu artigo 37.4 que o persoal laboral que preste servizos na Axencia réxese pola normativa reguladora da función pública, polas disposicións do Convenio colectivo único para o persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia, pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e polos propios estatutos da Axencia.

Segundo o artigo 76 da Lei 16/2010, corresponde ás propias axencias a determinación, previo informe favorable do órgano directivo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma en materia de función pública, dos criterios de selección do seu persoal laboral e a convocatoria e xestión dos procesos selectivos relacionados, de acordo cos principios de concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade e demais principios establecidos na lexislación xeral de emprego público. Ase mesmo, á contratación de persoal propio seralles de aplicación as disposicións da lexislación galega sobre emprego público e normas regulamentarias que os desenvolven relativas á composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de selección, as bases das convocatorias e as probas de selección.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Fundación Juan de Vega asinaron o día 13 de xullo de 2022 un convenio de colaboración para o desenvolvemento do proxecto de caracterización, recuperación, conservación e transferencia da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario de Galicia. En concreto, a Xunta investirá un total de 450.000 euros deica o ano 2024 para apostar pola conservación e mellora dos recursos fitoxenéticos existentes no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, no Centro de Investigación Forestal de Lourizán e na Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia. Pola súa parte, a Fundación aportará unha partida de 195.000 euros, para acadar un total de 645.000 euros de investimento.

O obxectivo deste acordo é o de facer maior énfase na transferencia dos novos coñecementos ao sector primario para garantir o futuro e a sustentabilidade agraria. Ademais, a colaboración entre o Goberno galego e esta entidade pretende lograr unha maior diferenciación e calidade das producións galegas, que mellore o seu status comercial dentro e fóra da nosa comunidade.

A execución das actividades previstas no convenio requiren da contratación de persoal. Dado o carácter marcadamente específico e técnico das funcións que se precisan na cobertura deste expediente de contratación de persoal e tendo en conta a formación específica que debe ser esixible para poder realizar certos tipos de traballos de investigación, faise necesario incoar un proceso selectivo de persoal para o desempeño das funcións que se recollen nas bases do presente expediente.



Polo que, en virtude das facultades previstas nos Estatutos da Axencia, e dando cumprimento ao acordo do Consello Reitor, o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria,

RESOLVE

Convocar un proceso selectivo de contratación de persoal laboral consistente na selección de cinco (cinco) postos de persoal titulado de grado superior universitario (grupo I) nas seguintes especialidades:

Posto 1º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de especies forraxeiras pratenses para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)

Posto 2º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de millo forraxeiro/millo grao para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)

Posto 3º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de viñedo para a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA)

Posto 4º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de castiñeiro para o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL).

Posto 5ª: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de piñeiro para o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL).

A contratación se fará con cargo ao orzamento consignado no Convenio de Colaboración asinado entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) e a Fundación Juana de Vega con data 13 de xullo de 2022 para a caracterización, recuperación, conservación e transferencia da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario de Galicia.

Este proceso rexeráse conforme ás seguintes,

BASES DA CONVOCATORIA

As presentes bases constitúen un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán a contratación de persoal laboral baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia e non discriminación.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto do proceso selectivo é a selección e contratación pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) de cinco doutores como persoal laboral do Grupo I e categoría profesional 04 - titulados/as superiores, licenciados o graduados en ciencias biolóxicas, enxeñería agrónoma e/ou forestal, graduados/as en enxeñería técnica agrícola e/ou forestal, ou equivalente, e especialistas en recursos fitoxenéticos nos eidos respectivos para cada posto ofertado ao abeiro do acordo de colaboración asinado entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) e a Fundación Juana de Vega para a caracterización, recuperación, conservación e transferencia da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario de Galicia.

Persoal a contratar:

Posto 1º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de especies forraxeiras pratenses para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)

Posto 2º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de millo forraxeiro/millo grao para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)

Posto 3º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de viñedo para a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA)

Posto 4º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de castiñeiro para o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL).

Posto 5ª: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de piñeiro para o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL).

Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación.

A presente convocatoria publicarase no DOG, axustándose ao disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico de Galicia, á Lei 2/2015, do Emprego público de Galicia, e demais normativa concordante.

Esta contratación será realizada baixo a modalidade de contrato de actividades científico-técnicas ao abeiro do disposto na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación na súa nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 8/2022, de 5 de abril e a Lei 17/2022, de 5 de setembro.

A xornada laboral será completa. Os postos de traballo estarán situados nas respectivas sedes do Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo en San Tirso de Mabegondo-Abegondo-A Coruña (Postos nº 1 e 2), da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia en Leiro-Ourense (posto nº 3) e no Centro de Investigación Forestal de Lourizán en Lourizán-Pontevedra (postos nº 4 e 5).



Deberanse realizar os desprazamentos necesarios derivados do plan de actuación.

Terceira.- Duración

A Contratación obxecto da presente convocatoria terá carácter indefinido, circunscibíndose inicialmente ao período de vixencia do acordo de colaboración entre AGACAL e a Fundación Juana de Vega para a caracterización, recuperación, conservación e transferencia da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario de Galicia. Comenzará a contar dende a contratación efectiva do persoal ata o 31 de decembro de 2024, sen menoscabo das posibles prórrogas ou continuidade dos programas de investigación das liñas ás que se adscriben, supeditada á existencia de financiamento axeitado e a que constitúan liñas estratéxicas de actuación dos sucesivos contratos de xestión aprobados para o desenvolvemento por parte da AGACAL.

Para os/as candidatos/as seleccionados/as, unha vez formalizada a relación laboral establecerase un período de proba de tres (3) meses, de conformidade co disposto no artigo 14 do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Cuarta.- Tarefas a desempeñar.

As principais actividades a desenvolver, dentro das respectivas especialidades, se enmarcan dentro dos obxectivos do proxecto definidos no anexo de condicións particulares do programa de caracterización, recuperación e conservación da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario para Galicia e que se indican a continuación:

Como obxectivos particulares do proxecto:

- Conservación de castes tradicionais de especies agrícolas pratenses e de millo conservadas nos Bancos de Xermoplasma de Recursos Fitoxenéticos de Galicia e caracterización e xenotipado de material agronómico de reprodución. A caracterización con descritores remata coa solicitude da súa inclusión no Rexistro de Castes Comerciais ou de Conservación. As castes a incluír no Rexistro deben ter valor agronómico, ser diferentes a outras xa incluídas, estables e uniformes.
- Conservación de castes tradicionais e caracterización e xenotipado de material forestal de reprodución, que se proporciona aos viveiros. Así mesmo, procédese á selección e xenotipado de novas accesións de castes tradicionais en zonas mostradas, para a súa inclusión no Banco de Xermoplasma de Recursos Fitoxenéticos de Galicia. Tamén se procede á

caracterización xenética tanto do material dado de alta no Catálogo Nacional de Materiais de Base (CNMB) para a produción de material forestal de reprodución, como o que se poda dar de alta nun futuro. Este traballo é esencial para diferenciar xeneticamente as variedades a rexistrar doutras da mesma especie e similar morfoloxía.

- Transferencia de material precintado das castes rexistradas e material forestal de reprodución a viveiros galegos produtores de castes e de MFR incluídos no Rexistro Nacional de Sementes e Plantas de Viveiro. Os viveiros produtores deben dispor da autorización no Grupo ou Subgrupo pertinente, para a produción das castes incluídas no Rexistro das Castes Comerciais para propagalas. É preciso realizar transferencia destas castes a viveiros multiplicadores. Para este fin, no viveiro da Xunta de Galicia contarase con semente ou planta da categoría axeitada, segundo o caso, ben identificadas e saneadas para transferir.

E as actividades concretas a desenvolver son:

a) No Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo:

1. Tarefas de conservación e renovación das variedades pratenses e de millo custodiadas no Banco Xermoplasma existente no CIAM e próximas ao límite da súa vida útil, para garantir a súa supervivencia. Realizarase mediante as técnicas de cultivo máis apropiadas para cada variedade e evitando o cruzamento entre diferentes accesións. Esta actividade é esencial para a preservación do patrimonio xenético contido no Banco, consumindo unha gran cantidade de recursos e afectando ás variedades en risco de erosión xenética de pratenses, froiteiras, hortícolas, cereais e millo.
2. Estudos de caracterización de castes conservadas no banco de xermoplasma do CIAM e a súa caracterización molecular, realizados en paralelo cos estudos agronómicos.
3. Accións de mellora xenética das castes tradicionais orientadas ao aumento das producións e a rendibilidade dos cultivos, a resistencia ás pragas ou a adaptación ás secas. Os tres factores interrelacionados son fundamentais para conseguir a re-introdución no mercado das castes autóctonas que contan cunha calidade diferenciada, sendo así mesmo cruciais para loitar contra o risco de erosión xenética.
4. As especies agrícolas obxecto de actuacións contempladas no presente convenio son as conservadas no Banco de Xermoplasma do CIAM, a saber: millo e forraxeiras pratenses consideradas en risco de erosión xenética



5. Proporcionar o material xenético necesario para garantir a súa transferencia nas condicións que se determinen por norma de rango regulamentario.

b) Na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia:

1. Estudos das variedades, Xafardán, e Zamarrica.

As variedades Zamarrica e Xafardán están pendentes de estudos pola Oficina Española de Variedades de Vide. Incidirase nos estudos agronómicos e enolóxicos para valorar a súa inclusión no potencial vitícola galego.

2. Rexistro das variedades Carabuñeira (Carabuñenta, Touriga Nacional) e Tinta Amarela. Paralelamente realizaranse estudos do comportamento agronómico e enolóxico orientado á obtención de información da maduración fenólica. Os estudos levaranse a cabo "in situ", en colaboración con viticultores que dispoñen de plantación distas variedades, e ex situ en accesións presentes no Banco de Xermoplasma de EVEGA.

3. Selección principal das variedades Merenzao e Branco lexítimo Albarín Blanco (Branco lexítimo). Realizouse a selección de masal de clons das variedades Merenzao e Branco lexítimo, establecéndose o campo de homologación de clons, que actualmente conta con vides de catro anos. O material inicial esta conservado en invernadoiro. Preténdese abordar a selección principal realizando os estudos agronómicos e enolóxicos que permitan a selección dos clons de mellor calidade e o ser rexistro. Proceso que se estima desenvolver en 3 a catro anos. Finalizado o proceso de selección abordarase a plantación do campo de pes nai de base.

4. Actividades para conservación de variedades en risco de erosión xenética mediante as técnicas de cultivo apropiadas, así como do material inicial dos clons conservados en invernadoiro.

5. Control sanitario e varietal do material inicial e de base de clons seleccionados. Nos procesos de conservación e venta de material vexetal integrado no sistema de comercialización de planta de vide é preciso asegurar a sanidade e identidade do mesmo. Polo que se levarán a cabo estudos de análise de viroses e de caracterización varietal mediante set de marcadores moleculares microsátélites.

6. Proporcionar o material xenético necesario para garantir a súa transferencia nas condicións que se determinen por norma de rango regulamentario..





c) No Centro de Investigación Forestal de Lourizán:

1. Caracterización, conservación, inscrición nos rexistros de castes comerciais, DOR ou de conservación de variedades de castiñeiro e o fomento da súa transferencia ao sector a través de viveiros multiplicadores. En particular:
 - Ampliación da información aportada, no Rexistro de Variedades Comerciais das 31 variedades de castiñeiro rexistradas (23 variedades tradicionais de castiñeiro de froito, rexistradas no 2016 e 2017, e 8 variedades híbridas rexistradas, no período 2018-2020), para indicar as recomendacións de uso segundo as condicións climáticas e os graos de tolerancia á praga da avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) e o cancro (*Cryphonectria parasitica*).
 - Caracterización con descritores UPOV de variedades tradicionais de castiñeiro de froito de interese agronómico ou en risco de erosión, para aportar novas entradas no Rexistro de Variedades Comerciais.
 - Selección de novos clons híbridos de castiñeiro recomendados como portaenxertos de variedades para a súa obtención e rexistro; a extensión da enfermidade da tinta (*P. cinamomi*) no territorio galego, estímase que en aumento, fai preciso o emprego de portaenxertos híbridos resistentes á tinta nunha importante parte da Indicación Xeográfica Protexida - Castaña de Galicia. Os 8 híbridos F1 (50 % C. sativa e 50% castiñeiro xaponés, *C. crenata*) actualmente rexistrados e recomendados como portaenxertos amosan importantes limitacións na súa adaptación en moitas das zonas climáticas de produción de castaña.
 - Ampliación da colección de referencia para a caracterización UPOV, establecida no CIF-Lourizán entre finais do 2020 e principios do 2021. Ademais das variedades galegas rexistradas e outras variedades de interese, incorporaranse durante o período de vixencia do acordo novas variedades e novos híbridos a rexistrar.
 - Continuación das actividades para a conservación de castes. Inclusión na colección de polo menos 7 variedades pendentes de caracterización UPOV, para o que é preciso realizar novas prospeccións, recollidas de material e enxertado de xemas en patróns rexistrados. Tamén se continuará có mantemento da colección de variedades establecida en Sergude, que dispón de 123 accesións de 47 denominacións varietais diferentes, e se proxectará unha nova plantación nunha zona climática distinta.



- Transferencia de material a viveiros: Transferencia de material vexetal categoría CAC. No período 2021-2022, daranse de alta 150 plantas nai CAC en invernadoiro, xa verificadas molecularmente, ampliarase o número das plantas e continuaranse as actividades para o seu mantemento en condicións sanitarias óptimas.
2. Caracterización da poboación de mellora de Piñeiro do Pais mediante o estudo do ADN
- Avaliación, análise e selección de distintos xenotipos de Piñeiro fronte a pragas e enfermidades que están a acontecer ante o presente escenario de cambio climático as cales supoñen un gran risco ecolóxico para o medio rural galego e para a conservación da súa diversidade. Os xenotipos seleccionados se incluírán no CNMB para a produción de MFR co fin de achegar material resiliente aos propietarios galegos a través dos viveiros forestais. Os xenotipos que se inclúan no CNMB serán caracterizados xeneticamente para diferencialos doutros xenotipos das mesmas especies.
 - Proporcionar o material xenético necesario para garantir a súa transferencia nas condicións que se determinen por norma de rango regulamentario.

Ademáis, todas estas actividades levan implícito o desenvolvemento de proxectos de investigación e actividades de transferencia dos proxectos, e a colaboración na xestión técnica e económica de ditos proxectos incluíndo a redacción de entregables e informes científicos.

Quinta. Requisitos xerais.

Os/as candidatos/as deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado o cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa



de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Idade: ter cumprido dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Habilitación: non ter sido separado/a do servizo nin despedido, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Sexta.- Requisitos específicos.

Os/as aspirantes deberán acreditar estar en posesión dos seguintes requisitos:

a) Titulación requirida: Licenciado/a ou graduado/a en ciencias biolóxicas, enxeñería agrónoma e/ou forestal, graduado/a en enxeñería técnica agrícola e/ou forestal, ou equivalentes. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite no seu caso, a homologación do título. Este requirimento non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

b) Doutoramento: doutorado nunha das titulacións requiridas no apartado anterior.

A persoa candidata deberá estar en posesión ou en condicións de obter o título de doutor, o día de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación. Entenderase que un aspirante está en condicións de obter o título de doutor cando teña sido homologado para o dito título tras a lectura da correspondente tese de doutoramento. Os aspirantes con títulos obtidos no estranxeiro deberán acreditar, no prazo de presentación de solicitudes, estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou certificado de equivalencia, expedido polo órgano competente.



c) Coñecemento do idioma galego acreditado mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba regúlase no anexo I destas bases.

d) Estar en posesión do carné de conducir (B).

Sétima.- Solicitudes e prazo

En aplicación do artigo 10.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establécese a obrigatoriedade de emprego dos medios electrónicos na presentación da solicitude e, se procede, da documentación anexa.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar debidamente cumprimentada a solicitude que figura anexa a estas bases (Anexo II) no prazo de **dez (10) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo de instancia do Anexo II, debidamente asinada polo interesado/a, xunto coa copia do DNI e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos nas bases quinta e sexta e para ser valorados segundo o baremo da base undécima desta convocatoria. Os méritos alegados deberán referirse á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes e a documentación serán presentadas de forma dixital a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) mediante trámite de solicitude xenérica a través do servizo PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dirixiranse a Consellería Medio Rural e a unidade Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Indicarase no obxecto do asunto: ***Convocatoria Selectiva para a contratación baixo a modalidade contractual de actividades científico técnicas para o desenvolvemento de actuacións de I+D+i, no marco do convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento do proxecto titulado Caracterización, recuperación, conservación e transferencia da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario de Galicia.***





O aspirante deberá notificar no mesmo día o envío da documentación á Agacal ao seguinte correo electrónico: agacal@xunta.gal, facendo constar no asunto **proceso selectivo Biodiversidade xenética vexetal**.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante tanto os erros na consignación como a non comunicación de cambio de domicilio.

Oitava.- Documentación a presentar

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo II) a seguinte documentación en formato dixital:

- a) Copia do DNI.
- b) Certificado médico de capacidade funcional
- c) Declaración xurada de habilitación
- d) Copia-do carné de conducir (categoría B).
- e) Currículo.
- f) Copia do título Celga 4 ou equivalente.
- g) Copia do título de doutor e de licenciado/a ou graduado/a en ciencias biolóxicas, enxeñería agrónoma e/ou forestal da licenciatura, en enxeñeira técnica agrícola e/ou forestal
- h) Copia do certificado do título de doutor no que apareza a temática e a cualificación obtida. No caso de non estar indicada no título a temática ou a cualificación, presentarase tamén a copia cotexada do documento oficial onde apareza.
- i) Informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social.
- j) Copia dos contratos de traballo realizados coa categoría de investigador.
- K) Copia-dos certificados de coñecemento do idioma inglés.
- l) Publicacións científicas: Presentarase soamente unha relación das publicacións científicas onde figure o título, resume, revista, libro, ou capítulo do libro, ano de publicación e DOI de ser o caso.

Considerase requisito mínimo para ser admitido ao proceso selectivo a presentación coa solicitude a copia-do DNI.



Para ser admitido a participar neste proceso selectivo é preciso posuír, o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes de participación, calquera dos seguintes requisitos de nacionalidade:

- a) Ter nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Ser cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non estean separados legalmente. Así mesmo, nas mesmas condicións poderán participar os descendentes menores de vinte e un anos ou maiores desa idade que estean ao seu cargo.
- d) Estranxeiros con residencia legal en España
- e) Persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Os solicitantes non residentes en España incluídos no apartado c), así como os estranxeiros incluídos nos apartados d) e e), deberán acompañar á súa solicitude de participación, dun documento que acredite as condicións que se alegan.

Todos os méritos que o/as aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os aspirantes que superasen o proceso selectivo deberen presentar a documentación cotexada para acreditar a veracidade da mesma

Para os efectos da documentación requirida neste apartado, admitirase a documentación sen cotexo O Agacal poderá solicitar copias cotexadas se así o estima

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

Conforme o previsto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puideran recabar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 881 997 276, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres o a través do correo electrónico



agacal@xunta.gal, poñendo no asunto **proceso selectivo Biodiversidade xenética vexetal**.

Novena.- Procedemento de selección

O proceso selectivo terá a modalidade de concurso-oposición (avaliación de méritos e probas de coñecemento escritas que se complementarán cunha entrevista persoal).

1.- Comisión de Selección.

Respecto á válida constitución e adopción de acordos da Comisión de Selección, como ao resto dos aspectos do proceso selectivo, estarase ao establecido nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

O órgano de selección axustarase ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e será designado por resolución do Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria que terá o carácter de anexo destas bases e será publicado no DOG. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, así como ás instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao director da Agacal, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección.

A presidencia solicitará dos membros do tribunal declaración escrita expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no dito artigo.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias antes citadas.

O presidente terá a facultade, en calquera momento do proceso, de solicitar o asesoramento de expertos en cada unhas das materias, para a realización dunha avaliación técnica imparcial. Estes expertos estarán formado tanto por persoal do CIAM, do CIF, e da EVEGA, como por outros organismo científico públicos. En calquera caso, estes asesores terán voz pero non voto e estarán sometidos ás mesmas causas de abstención e recusación que os membros do



tribunal e ao cumprimento do deber de sxiilo, debendo asinar a correspondente declaración ao respecto.

2.-Funcións da Comisión de Selección

- a) Avaliar a acreditación requirida e outorgarlles as cualificacións aos aspirantes segundo as normas da presente convocatoria.
- b) Formalizar mediante actas todo o proceso selectivo e o resultado final, que se remitirá ao órgano de contratación.
- c) Interpretar o contido destas bases e resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- d) Propor á dirección da Agacal os/as candidatos/as que obtiveron a maior puntuación a efectos de contratación.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á Comisión de Selección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, con enderezo en Avenida Camiño Francés, 10 en Santiago de Compostela, CP 15.703 (A Coruña).

Décima. - Lista de admitidos

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a Comisión de Selección publicará na páxina web de Agacal <https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/organismos-adscritos/axencia-galega-da-calidade-alimentaria>, e no taboleiro de anuncios da Axencia, a resolución coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Na lista constará, en todo caso, o número do documento de identidade ou documento equivalente e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as, seguindo o disposto na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, en especial o relativo á disposición adicional 7ª en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicación de actos administrativos (nome, apelidos e catro cifras aleatorias do DNI) e segundo as aclaracións da Axencia de Protección de Datos do 4 de marzo de 2019.

No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de **tres (3) días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que será publicada no prazo máximo de **dez (10) días hábiles** posteriores á finalización do prazo de emenda.

Undécima.- Proceso de selección



O proceso selectivo consiste na superación dunha proba de coñecemento, e dunha avaliación dos coñecementos prácticos na materia obxecto do posto ao que optan a través dunha entrevista persoal (fase de oposición), así como na valoración de condicións de formación, méritos e experiencia (fase de concurso). Consonte ao disposto no artigo 56.3 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, as fases de oposición e de concurso terán respectivamente, un peso do sesenta (60) e do corenta (40) por cento da puntuación total. As persoas aspirantes deberán aportar á Comisión de Selección o seu C.V. e toda a documentación detallada no punto oitavo.

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

1.- Fase de oposición (máximo 9 puntos)

Consistirá na superación dunha proba por escrito de coñecementos sobre as materias relacionadas coa especialidade do posto ao que se opta, e que se indican no anexo III das bases da convocatoria. Será de carácter eliminatorio e obrigatorio, consistindo en contestar 32 preguntas de tipo test, con dúas (2) respostas alternativas propostas pola Comisión de Selección das que só unha será correcta e onde cada pregunta vale 0,25 puntos e por cada pregunta mal contestada restarase 0,25 puntos, haberá tres (3) preguntas de reserva.

Por cada posto ofertado, a Comisión de Selección elaborará un único exercicio, que terá unha duración máxima de unha (1) hora. Á finalización da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no mesmo lugar no que se realizou.

O exercicio cualificarase de 0 a 8 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

A Comisión de Selección adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados. Serán excluídas aquelas persoas en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade. As persoas aspirantes serán convocadas en único chamamento, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza e deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade axuízo da Comisión de Selección. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para sinalar as respostas do test.

Ao finalizar o exercicio e por orde alfabética ascendente do primeiro apelido comezando pola letra especificada na Resolución de 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG núm 24 de 4 de febreiro de 2022 (letra "T") se



procederá á avaliación dos coñecementos prácticos na materia obxecto do posto ao que optan por entrevista persoal. A avaliación deste apartado representará un máximo de un (1) punto e será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas polos membros do comité. Esta fase de entrevista, profesional e regrada, será realizada pola Comisión de Selección có obxectivo de determinar a aptitude, experiencia e capacidade de xestión para o desenvolvemento do posto de traballo. A duración da entrevista non excederá de 20 minutos e versará sobre as actividades a desenvolver no posto de traballo que constan na base 4ª e sobre as materias relacionadas no apartado correspondente do anexo III das bases.

A suma das puntuacións obtidas no exercicio escrito e na entrevista persoal sumarán un máximo de 9 puntos.

2ª fase de concurso: Baremo de méritos (máximo 6 puntos):

A puntuación máxima a acadar nesta fase será de seis (6) puntos, segundo o seguinte baremo:

2.1.--Doutoramento (máximo 2 puntos)

- b.1) Doutoramento en materias directamente relacionada co obxecto do posto ao que se opta, 2 puntos
- b.2) Doutoramento noutras materias agrícolas/forestais, 0.50 puntos

2.2.- Contratos de investigador e/ou relacionado con proxecto específico de investigación científica e técnica (máximo 2 puntos). En temas directamente relacionados co obxecto do posto ao que se opta

- a.1.) Consellería do Medio Rural ou entes autónomos adscritos a mesma, 0.75 puntos/ano.
- a.2) Noutras Consellerías da Xunta ou entes autónomos adscritos a mesma, 0.50 puntos/ano.
- a.3.) Outras administracións, universidades ou empresas, 0.25 puntos/ano.

2.3.- Publicacións (máximo 1 punto). En temas relacionados co obxecto do posto ao que se opta

- a.1.) Publicacións SCI, 0.25 puntos/publicación
- a.2.) Libros publicados, 0.25 puntos/libro.

2.4- Participación en programas de transferencia tecnolóxica e de conservación de recursos filoxenéticos da Xunta de Galicia (0.5 puntos)



2.5.- Coñecemento do idioma inglés (máximo 0.5 puntos).

Valórase o coñecemento do idioma Inglés con preferencia sobre outros idiomas en base a que permite unha maior interlocución con outros investigadores de ámbito internacional e o coñecemento de traballos de investigación relacionados coa materia obxecto de publicacións internacionais (índices SCI, JRC, ISI).

Tómase como referencia ó MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as linguas do Consello de Europa)e o RD 1629/2006 (BOE do 4 de xaneiro de 2007).

- Polo nivel básico A2: 0,10 puntos.

Equivalente a:

- Nivel básico, 1º e 2º curso de nivel básico, 1º e 2º curso do ciclo elemental da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006, RD 944/2003 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations:Key English Test (KET).
- Trinity College London: Integrated Skills in English 0 (ISE 0).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 3.0.

- Polo nivel usuario independente B1 (Umbral): 0.20 puntos.

Equivalente a:

- Nivel intermedio (B1) e Certificado de nivel intermedio, 3º do ciclo elemental e certificación académica de dito ciclo da Escola Oficial de Idioma (EOI), das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations:Preliminary English Test (PET).
- Trinity College London: Integrated Skills in English 1 (ISE 1).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 4.0.

- Polo nivel usuario independente B2 (Avanzado): 0.30 puntos

Equivalente a:

- Nivel avanzado (B2), 2º curso do ciclo superior da Escola Oficial de Idioma (EOI), das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.



- University of Cambridge ESOL examinations: First Certificate in English (FCE).
- Trinity College London: Integrated Skills in English II (ISE II).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 5.5.
- Título de Bacharelato Internacional.
- Obtención do Título de bacharelato nun país co inglés como lingua de ensino.

- Polo nivel usuario competente C1 (Dominio Operativo Eficaz): 0,40 puntos

Equivalente a:

- Certificado de nivel avanzado, Certificado de aptitude da Escola Oficial de Idioma (EOI), das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations: Certificate in Advanced English (CAE).
- Trinity College London: Integrated Skills in English III (ISE III).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 6.5.

- Polo nivel usuario competente C2 (Mestría): 0.50 puntos

Equivalente a:

- University of Cambridge ESOL examinations: Certificate of Proficiency in English (CPE).
- Trinity College London: Integrated Skills in English IV (ISE IV).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 8.0

2.6.- Baremo segundo o artigo 51.3 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

Outorgaranse 0,01 puntos por mes ao persoal que estea desfrutando ou desfrutara nos cinco anos anteriores ao fin do prazo de presentación de solicitudes dunha excedencia por coidado de fillos/as ou familiares. Esta circunstancia apreciarase de oficio.

A puntuación máxima deste apartado 2.6. non poderá superar os 0,6 puntos

Publicación da valoración de méritos



A valoración de méritos publicarase no taboleiro de anuncios da Agacal e na súa páxina web. Contra ela poderase interpor reclamación no prazo de **tres (3) días hábiles** desde o día seguinte ao da publicación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará a listaxe definitiva coas puntuacións respectivas no prazo de **tres (3) días hábiles** no taboleiro de anuncios da Agacal e na súa páxina web.

Duodécima.- Listaxe provisional coas puntuacións do proceso selectivo

Rematada a proba, a Comisión de Selección publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios da Agacal a listaxe provisional coas puntuacións do proceso selectivo, concedendo un prazo de reclamacións de **tres (3) días hábiles** contados a partires do día seguinte ao da publicación.

Décimo terceira.- Listaxe definitiva coas puntuacións do proceso selectivo

O resultado do proceso selectivo determinarase pola suma das puntuacións obtidas polo/as aspirantes na fase oposición e de concurso. O resultado do proceso selectivo publicarase no taboleiro de anuncios da Agacal e na páxina web por orde decrecente de puntuación.

Décimo cuarta.- Criterios de desempate

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no suposto de infra-representación do sexo feminino, o empate resolverase, de existir méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas, a favor da muller. E como segundo criterio de desempate, este empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas ordeadas alfabeticamente de conformidade co establecido no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo

Décimo quinta.- Resolución da convocatoria

A Comisión de Selección propoñerá ás persoas candidatas a cada posto ofertado á dirección da Agacal que resolverá o proceso de contratación mediante resolución motivada, publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios da Axencia. Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

As persoas candidatas seleccionado deberán aceptar o posto no prazo de **dous (2) días hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación da



Resolución do director na páxina web da Axencia e, en caso de non aceptación, procederase ao chamamento do/a candidato/a seguinte con maior puntuación no presente proceso selectivo.

Décimo sexta- Listaxe de suplentes

Estableceráse unha lista de reserva para cada un dos postos ofertados na que figurarán aquelas persoas que superaron a fase de oposición, ordeadas segundo a puntuación total obtida no proceso selectivo. Esta lista se fará pública coa lista definitiva das puntuacións, procedendo ao chamamento dos candidatos/as segundo a orde de prelación da mesma, de maior a menor puntuación.

A vixencia da lista coincidirá coa duración do servizo a desenvolver na presente contratación.

Décimo sétima.- Datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os/as candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes na Agacal e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoo nas oficinas da Agacal, na Avenida do Camiño Francés, 10 en Santiago de Compostela, horario de 9.00 a 14.00 horas.

Décimo oitava. - Recursos administrativos

Contra a presente resolución de convocatoria poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante a dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, no prazo dun mes contado desde a súa publicación, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a súa publicación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, entendendo que, no caso de interpoñer recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo.

Décimo novena. - Disposición final



A participación neste proceso selectivo por parte do/a candidato/a supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Santiago de Compostela,

O director da Agacal

José Luis Cabarcos Corral



ANEXO I

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base sexta da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola Comisión de Selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta;
- as respostas en branco non puntúan;
- as dobres respostas e as que non estean claras se considerarán incorrectas.

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a.

O finaliza-lo exercicio cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba, se farán públicas as respostas correctas do cuestionario-, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios do INGACAL e na páxina web do INGACAL.

A Comisión de Selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.





ANEXO II

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL

Posto ao que opta (marcar cunha x):

- Posto 1º.- Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de especies forraxeiras pratenses para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
- Posto 2º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de millo forraxeiro/millo grao para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
- Posto 3º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de viñedo para a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA)
- Posto 4º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de castiñeiro para o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL).
- Posto 5º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de piñeiro para o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL).

DATOS PERSOAIS

Nome e Apelidos: _____ NIF/NIE/Pasaporte: _____
Enderezo: _____ Localidade: _____
Provincia: _____ Código Postal: _____ Teléfono: _____
E-mail: _____ Data de nacemento: _____
Nacionalidade: _____ N° de afiliación á Seguridade social: _____
Titulacións: _____

DECLARACIÓN XURADA

O abaixo asinante declara non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

E de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes no INGACAL e ao tratamento dos mesmos.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- D.N.I ou equivalente.
- Copia dun/s documento/s académicos acreditativo/s no que consten os títulos dos diplomas de titulación superior universitaria e, no seu caso, de doutoramento.
- Copia dos certificados acreditativos de contratos como doutor investigador ;
- listado de publicacións
- Copia do título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.
- Copia do(s) certificado(s) de coñecemento de lingua(s) estranxeira(s).

Fago constar que a presente documentación consta de __ folios, numerados correlativamente do 1 ao ___

Lugar e data:

Asdo:

DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA



ANEXO III

MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A PROBA PRÁCTICA DA FASE DE OPOSICIÓN

l) Acciões recollidas no Plan de Actuación sobre os Recursos Fitoxenéticos para a conservación e uso sostíbel dos recursos xenéticos para a agricultura e a alimentación como base da soberanía e seguridade alimentaria (disposición transitoria única do R.D. 199/2017, do 3 de marzo), orientadas ás especificidades do posto 1º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de especies forraxeiras pratenses

Acciões de Conservación *ex situ*.

1.^a Mantemento dos Bancos de Xermoplasma de sementes de especies pratenses, incluíndo a conservación, multiplicación e rexeneración do material garantindo o seu bo estado sanitario e viabilidade.

2.^a Caracterización das coleccións activas.

3.^a Prospección, recolección dos recursos fitoxenéticos tradicionais, autóctonos ou de importancia socioeconómica ou ambiental de especies pratenses en risco de extinción aínda non colleitados; en particular os de especies menores e en desuso e os existentes en zonas marxinais para o seu cultivo.

4.^a. Procedementos comúns que garanten o bo funcionamento dos bancos de xermoplasma de pratenses:

- Mecanismos de adquisición, recolección, introdución, procesado e transporte de sementes e material vexetal ao banco de xermoplasma de especies pratenses.

- Corentenas: procedementos para a evitación da entrada de enfermidades, patóxenos, malas herbas e xenes procedentes de organismos xeneticamente modificados (OGMs).

- Rexistro de xermoplasma de especies pratenses procedente de prospeccións, recoleccións, doazóns e MTAs. Métodos morfolóxicos, fenolóxicos, bioquímicos e moleculares de distinción xenética.

- Descritores oficiais de especies pratenses e o seu emprego na distinción de variedades e no estudo da súa uniformidade e homoxeneidade.

- Extracción, limpeza e desinfección de sementes de especies pratenses. Cálculos de pureza.

- Determinacións de humidade e procedementos de secado de sementes de especies pratenses para garantir a súa viabilidade. Humidade crítica de almacenamento.



- Procedementos de testaxe da calidade das sementes de especies pratenses. Viabilidade. Probas de xerminación. Ruptura de dormancia. Determinación de unidades base para a rexeneración. Requirimentos sanitarios. Métodos de detección de enfermidades e patóxenos. Procedementos para evitar a introdución inadvertida de xenos procedentes de OGMs.
- As técnicas de polinización controlada para a creación de novas variedades melloradas e para a selección de polinizadores.
- Procedementos de almacenamento e envasado de sementes de especies pratenses. Tipos de almacenamento. Coleccións base e coleccións activas.
- Distribución do xermoplasma de especies pratenses en bancos abertos. Etiquetaxe e documentación. Medidas sanitarias e outros requisitos para os envíos nacionais e internacionais.
- Renovación do xermoplasma de especies pratenses e preservación da integridade xenética das accesións. Indicadores da necesidade e urxencia da rexeneración. Operacións básicas: pretratamento, sementeira, comprobación de identidade, control de polinización, colleita, manexo post-colleita, documentación.

Accións de Conservación *in situ*.

- 1.^a Apoio ao manexo en fincas de cultivos de variedades pratenses tradicionais así como a promoción da comercialización das mesmas.
- 2.^a Conservación no seu hábitat de especies pratenses silvestres emparentadas coas cultivadas e plantas silvestres con valor potencial para a agricultura e a alimentación, tendo en conta os instrumentos de protección e xestión da biodiversidade silvestre.

Accións de investigación relativas á aplicación das tecnoloxías apropiadas para a conservación, identificación, caracterización e avaliación de especies pratenses.

- 1.^a Caracterización avanzada das características agronómicas, químicas, económicas, de resistencia a pragas e enfermidades, de adaptación ao medio así como a caracterización molecular con marcadores ben coñecidos e establecidos para as especies pratenses.
- 2.^a Métodos de análise cuantitativo das características varietais de especies pratenses. Parámetros xenéticos empregados na avaliación varietal. Técnicas de análise de datos, Emprego da análise espacial na avaliación varietal.
- 3.^a Establecemento de coleccións nucleares suficientemente representativas da variabilidade das coleccións de pratenses cando estas sexan moi numerosas.
- 4.^a Optimización dos sistemas de conservación para mellorar a viabilidade e o bo estado sanitario do material.



5.^a A mellora xenética de variedades para incrementar a resistencia a axentes bióticos e abióticos: técnicas de polinización controlada, conservación do pole, avaliación das proxenies. Métodos de análise de ensaios de proxenies. Métodos de selección.

Accións de información e documentación

1.^a Documentación dos datos procedentes de caracterización primaria e avanzada das entradas conservadas, incorporando ademais os datos dispoñibles de carácter ecogeográfico e de coñecementos tradicionais, para facilitar a súa correcta catalogación.

2.^a Uso da bio-informática e os sistemas de información xeográfica para analizar e interpretar grandes cantidades de datos.

3.^a Emprego dos sistemas de información xeográfica para a definición das áreas de utilización potencial das variedades.

II) Accións recollidas no Plan de Actuación sobre os Recursos Fitoxenéticos para a conservación e uso sostíbel dos recursos xenéticos para a agricultura e a alimentación como base da soberanía e seguridade alimentaria (disposición transitoria única do R.D. 199/2017, do 3 de marzo), orientadas ás especificidades do posto 2º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de especies de millo forraxeiro e millo grao

Accións de Conservación *ex situ*.

1.^a Mantemento dos Bancos de Xermoplasma de millo, incluíndo a conservación, multiplicación e rexeneración do material garantindo o seu bo estado sanitario e viabilidade.

2.^a Caracterización das coleccións activas.

3.^a Prospección, recolección dos recursos fitoxenéticos tradicionais de especies de millo, autóctonos ou de importancia socioeconómica ou ambiental de especies en risco de extinción aínda non colleitados; en particular os de especies menores e en desuso e os existentes en zonas marxinais para o seu cultivo.

4.^a Procedementos comúns que garanten o bo funcionamento dos bancos de xermoplasma de millo:

- Mecanismos de adquisición, recolección, introdución, procesado e transporte de sementes e material vexetal ao banco.





- Corentenas: procedementos para a evitación da entrada de enfermidades, patóxenos, malas herbas e xenes procedentes de organismos xeneticamente modificados (OGMs).
- Rexistro de xermoplasma procedente de prospeccións, recoleccións, doazóns e MTAs. Métodos morfolóxicos, fenolóxicos, bioquímicos e moleculares de distinción xenética.
- Descriptores oficiais e o seu emprego na distinción de variedades e no estudo da súa uniformidade e homoxeneidade.
- Extracción, limpeza e desinfección de sementes de millo. Cálculos de pureza.
- Determinacións de humidade e procedementos de secado de sementes de millo para garantir a súa viabilidade. Humidade crítica de almacenamento.
- Procedementos de testaxe da calidade das sementes de millo. Viabilidade. Probas de xerminación. Ruptura de dormancia. Determinación de unidades base para a rexeneración. Requisitos sanitarios. Métodos de detección de enfermidades e patóxenos. Procedementos para evitar a introdución inadvertida de xenes procedentes de OGMs.
- As técnicas de polinización controlada para a creación de novas variedades melloradas e para a selección de polinizadores.
- Procedementos de almacenamento e envasado de sementes de millo. Tipos de almacenamento. Coleccións base e coleccións activas.
- Distribución do xermoplasma de especies de millo en bancos abertos. Etiquetaxe e documentación. Medidas sanitarias e outros requisitos para os envíos nacionais e internacionais.
- Renovación do xermoplasma e preservación da integridade xenética das accesións. Indicadores da necesidade e urxencia da rexeneración. Operacións básicas: pretratamento, sementeira, comprobación de identidade, control de polinización, colleita, manexo post-colleita, documentación.
- Lexislación sobre acceso e intercambio de xermoplasma de especies de millo. Procedementos de rexistro e protección de variedades a partir das accesións autóctonas do banco.

Accións de Conservación *in situ*.

1.^a Apoio ao manexo en fincas de cultivos de variedades tradicionais así como a promoción da comercialización das mesmas.

Accións de investigación relativas á aplicación das tecnoloxías apropiadas para a conservación, identificación, caracterización e avaliación.

1.^a Caracterización avanzada das características agronómicas, químicas, económicas, de resistencia a pragas e enfermidades, de adaptación ao medio así como a caracterización molecular con marcadores ben coñecidos e establecidos para as especies de millo.



2.^a Métodos de análise cuantitativo das características varietais. Parámetros xenéticos empregados na avaliación varietal. Técnicas de análise de datos, Emprego da análise espacial na avaliación varietal.

3.^a Establecemento de coleccións nucleares suficientemente representativas da variabilidade das coleccións de millo cando estas sexan moi numerosas.

4.^a Optimización dos sistemas de conservación para mellorar a viabilidade e o bo estado sanitario do material.

5.^a A mellora xenética de variedades para incrementar a resistencia a axentes bióticos e abióticos: selección de parentais, técnicas de polinización controlada, conservación do pole, avaliación das proxenies. Métodos de análise de ensaios de proxenies. Métodos de selección.

Accións de información e documentación

1.^a Documentación dos datos procedentes de caracterización primaria e avanzada das entradas conservadas, incorporando ademais os datos dispoñibles de carácter ecogeográfico e de coñecementos tradicionais, para facilitar a súa correcta catalogación.

2.^a Uso do bio-informática e os sistemas de información xeográfica para analizar e interpretar grandes cantidades de datos.

3.^a Emprego dos sistemas de información xeográfica para a definición das áreas de utilización potencial das variedades.

III) Atendendo a liñas de actuacións recollidas na Estratexia Española para a Conservación e o Uso Sustentable de os Recursos Xenéticos Forestais. (Real Decreto 159/2022, do 1 de marzo, sobre conservación de os recursos xenéticos forestais e de a flora silvestre e por o que se modifica o Real Decreto 1424/2008, do 14 de agosto), orientadas ás especificidades do posto 4º: Personal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos vide

Accións de Conservación *ex situ*

1.^a Mantemento dos Bancos de Xermoplasma e ampliación dos mesmos no caso de considerarse necesario.

2.^a Caracterización molecular das coleccións activas.

3.^a Procedementos comúns que garanten o bo funcionamento dos bancos de xermoplasma:





- Identificación de enfermidades de cuarentena
- Identificación de viroses e procedementos de análise
- Procedementos de multiplicación do material vexetal
- Identidade varietal e avaliación da sanidade

Accións de Conservación *in situ*.

1.^a Caracterización morfolóxica e molecular da diversidade xenética de variedades de vide e a súa xeolocalización.

2.^a Avaliación do potencial vitivinícola

Accións de investigación relativas á aplicación das tecnoloxías apropiadas para a conservación, identificación, caracterización e avaliación.

1.^a Caracterización segundo os caracteres morfolóxicos, por resistencia a pragas e enfermidades, por adaptación ao medio así como a caracterización molecular con marcadores establecidos.

2.^a Optimización dos sistemas de conservación para mellorar a viabilidade e o bo estado sanitario do material.

3.^a A selección e mellora xenética de variedades tradicionais e portaenxertos para incrementar a resistencia a axentes bióticos e abióticos. Métodos de selección

4.^a Obtención de novas variedades e a súa introdución na produción vitícola

IV) Atendendo a liñas de actuacións recollidas na Estratexia Española para a Conservación e o Uso Sustentable de os Recursos Xenéticos Forestais. (Real Decreto 159/2022, do 1 de marzo, sobre conservación de os recursos xenéticos forestais e de a flora silvestre e por o que se modifica o Real Decreto 1424/2008, do 14 de agosto), orientadas ás especificidades do posto 4º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de castiñeiro

Accións de Conservación *ex situ*.

1.^a Mantemento dos Bancos de Xermoplasma, tanto por sementes como por reprodución vexetativa mantidas en campo ou *in vitro* incluíndo a conservación, multiplicación e rexeneración do material garantindo o seu bo estado sanitario e viabilidade.

2.^a Caracterización das coleccións activas.



3.^a Prospección, recolección dos recursos fitoxenéticos tradicionais, autóctonos ou de importancia socioeconómica ou ambiental; en particular os existentes en zonas en risco de extinción .

4.^a. Procedementos comúns que garanten o bo funcionamento dos bancos de xermoplasma:

- Mecanismos de adquisición, recolección, introdución, procesado e transporte de sementes e material vexetal as coleccións.
- Corentenas: procedementos para a evitación da entrada de enfermidades e patóxenos.
- Procedementos de propagación vexetativa de variedades leñosas: estaquillado, micropropagación e acodo.
- Procedementos de enxertado de variedades. A incompatibilidade enxerto-variedade.
- As técnicas de polinización controlada para a creación de novas variedades melloradas e para a selección de polinizadores.

Accións de Conservación *in situ* .

1.^a Apoio ao manexo en ensaios e coleccións de cultivos de variedades tradicionais así como a promoción da comercialización das mesmas.

2.^a Conservación do material autóctono e cultivado con valor potencial para a produción de froito, madeira e a de dobre actitude, tendo en conta os instrumentos de protección e xestión da biodiversidade con uso tradicional.

Accións de investigación relativas á aplicación das tecnoloxías apropiadas para a conservación, identificación, caracterización e avaliación.

1.^a Caracterización segundo os caracteres forestais e de froito, por resistencia a pragas e enfermidades, por adaptación ao medio así como a caracterización molecular con marcadores establecidos para a especie.

2.^a Optimización dos sistemas de conservación para mellorar a viabilidade e o bo estado sanitario do material.

3.^a A selección e mellora xenética de variedades tradicionais e portaenxertos para incrementar a resistencia a axentes bióticos e abióticos: selección de parentais, técnicas de polinización controlada, conservación do pole, avaliación das proxenies. Métodos de análise de ensaios de proxenies. Métodos de selección.



V) Atendendo a liñas de actuacións recollidas na Estratexia Española para a Conservación e o Uso Sustentable de os Recursos Xenéticos Forestais. (Real Decreto 159/2022, do 1 de marzo, sobre conservación de os recursos xenéticos forestais e de a flora silvestre e por o que se modifica o Real Decreto 1424/2008, do 14 de agosto), orientadas ás especificidades do posto 5º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de piñeiro

Accións de Conservación *ex situ*

1.ª Mantemento dos Bancos de Xermoplasma e ampliación dos mesmos no caso de considerarse necesario.

2.ª Caracterización molecular con SSRs das coleccións activas.

3ª. Procedementos comúns que garanten o bo funcionamento dos bancos de xermoplasma:

- Identificación de enfermidades de cuarentena, así como outras pragas e enfermidades que se consideren de risco para os piñeiros en Galicia
- Procedementos de enxertado de novas árbores superiores de interese para a súa inclusión nos bancos de xermoplasma.

Accións de Conservación *in situ* .

1.ª Caracterización molecular en rodais de piñeiros de interese para Galicia

Accións de investigación relativas á aplicación das tecnoloxías apropiadas para a conservación, identificación, caracterización e avaliación dos piñeiros (do país e insigne)

1.ª Caracterización de caracteres de interese forestal, así como de resistencia a pragas e enfermidades ou de adaptación ao cambio climático. en particular ao nematodo do piñeiro

2º Caracterización molecular dos xenotipos que compoñen nas poboacións principais de mellora.

3.ª Prospección, recolección de novas árbores superiores de piñeiro



4ª. Base para incluír xenotipos seleccionados por algún carácter de interese (crecemento, forma, resistencia a patóxenos, ...) no Catálogo Nacional de Materiais Bases e promoción da comercialización dos mesmos.

5ª Emprego de polinización controlada para a creación de novos xenotipos mellorados.

VI) Principal lexislación en vigor sobre protección de recursos fitoxenéticos, sementes e plantas de viveiro

1.ª Lexislación internacional (Común para os cinco postos)

- Convenio das Naciónes Unidas sobre a Diversidade Biolóxica (1993)
- Tratado Internacional sobre os Recursos Fitoxenéticos para a Alimentación e a Agricultura (2001)
- Protocolo de Nagoya sobre acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos Beneficios que se deriven da sua utilización ao Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (2014)
- Regulamento (UE) 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de abril de 2014 relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoya sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que se deriven da sua utilización na Unión Europea

2.ª Lexislación nacional

Xeral (Común para os cinco postos)

- Instrumento de Ratificación do Convenio Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais de 2 de decembro de 1961
- Lei 30/2006 de Sementes e Plantas de Viveiro e Recursos Fitoxenéticos
- Lei 3/2000 de Réxime xurídico da Protección das Obtencións Vexetais
- Ley 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Real Decreto 170/2011. Regulamento Xeral do Rexistro de Variedades Comerciais
- Real Decreto 1891/2008, de 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a autorización e rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro e a súa inclusión no Rexistro nacional de produtores
- Regulamento Xeral sobre Producción de Sementes e Plantas de Viveiro
- Regulamento Xeral Técnico de Control e Certificación de Sementes e Plantas de Viveiro



- Real Decreto 199/2017, de 3 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Programa Nacional de Conservación e Utilización Sostíbel dos Recursos Fitoxenéticos para a Agricultura e a Alimentación
- Real Decreto 1261/2005.Regulamento de Protección das Obtencións Vexetais
- Anexos ao Real Decreto 1261/2005. Regulamento de Protección das Obtencións Vexetais
- Organismos encargados de levar a cabo os ensaios de identificación e para a recepción do material a que fai referencia o art. 37 do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais

Específica para cada posto

Posto 1º e 2º (CIAM)

- Regulamento técnico de Inscripción de Variedades de cereais
- Regulamento técnico de Inscripción de Variedades de millo e sorgo
- Regulamento técnico de Inscripción de Variedades de Especies forraxeiras, pratenses, cespitosas e leguminosas de gran
- Regulamento técnico de Inscripción de Variedades de Especies hortícolas
- Regulamento de Control e Producción de Sementes de Cereais
- Regulamento de Control e Producción de Sementes de Millo
- Regulamento de Control e Producción de Sementes de Forraxeiras
- Regulamento de Control e Producción de Sementes de Hortícolas

Posto 3º (EVEGA)

- Regulamento técnico de Inscripción de Variedades de vide
- Regulamento Técnico de Control e Certificación de plantas de Viveiro de Vide

Posto 3º (CIFOR-Lourizán)

- Regulamento técnico de Inscripción de Variedades de Especies froiteiras
- Regulamento Técnico de Control e Certificación de plantas de Viveiro de Froiteiras
- Regulamento de Comercialización de Materiais de Reprodución Forestal

